



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DA ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2024/2025

Expte. TEDEC: 2024/D008/000002

Expte. TEDEC: 2024/G003/000611

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o Concello da Baña dispón dunhas escolas deportivas que pretenden contribuír ó enriquecemento e promoción do deporte e da vida activa da súa cidadanía así coma o desenvolvemento integral dos posibles usuarios.

Visto que a escolas deportivas municipal é un servizo que ten a función de ofertar, achegar e promover a actividade deportiva e saudable tanto para a poboación do concello da Baña como tamén doutros concellos.

Visto que o servizo que ofrecen as escolas deportivas está dirixido a toda a poboación, a partir dos 3 anos, e desenvolverase durante o curso escolar. A prestación do servizo iniciará e finalizará nas datas indicadas por resolución de Alcaldía.

Visto que se entende como persoas usuarias do servizo ás/ós responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria), ós propios menores e as persoas maiores de idade que decidan iniciar ou continuar a aprendizaxe teatral.

Visto que é vontade do equipo de Goberno continuar ca prestación deste servizo en favor da cidadanía.

Visto que, en aplicación do disposto no ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos, o prezo será fixado polo órgano competente.

Visto que o obxecto, destinatarios, dereitos e obrigas, procedemento e prazo de inscrición e demais detalles e particularidades do servizo se deben concretar nas bases reguladoras, as cales constan no expediente.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Primeiro: Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de prazas e funcionamento das escolas deportivas municipais 2024/2025 que se conteñen como anexo I ó presente Decreto.

Segundo: Aprobar a convocatoria das prazas e funcionamento das escolas deportivas municipais para o curso 2024/2025. As persoas interesadas poderán presentar ante o Concello da Baña, nos lugares e medios indicados nas bases, as súas solicitudes dende o día seguinte ó da publicación do presente decreto.

Terceiro: Acordar que o Concello da Baña se reserva o dereito a realizar aquelas modificacións que se consideren oportunas no ámbito das bases e convocatoria ás que se refire o presente decreto, sempre que favorezan o interese xeral e non comporte discriminación ou trato desfavorable para ninguén.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Olga Dourado González, dou fe.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO I

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA BAÑA PARA O CURSO 2023-2024

Expte. TEDEC: 2024/D008/000002

Artigo 1. Obxecto.

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento das escolas deportivas municipais do concello da Baña para o curso 2024-2025.

Artigo 2. Definición do programa.

As escolas deportivas municipais é un servizo que ten a función de ofertar, achegar e promover a actividade física a toda a poboación do concello da Baña.

Está dirixido a toda a poboación e desenvolverase nos meses que van desde setembro a maio, ámbolos dous incluídos.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias

Enténdense como persoas usuarias do servizo as/os responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria), os propios menores, e as persoas maiores de idade que decidan iniciar ou continuar coa práctica das actividades deportivas ofertadas na escola deportiva.

A alta no servizo pódese solicitar cando se inicie ou con posterioridade, se hai prazas vacantes.

A baixa no servizo é libre e pódese presentar en calquera momento por escrito nas oficinas municipais encargadas de supervisar o servizo, segundo o establecido na convocatoria.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

Son **dereitos** dos usuarios e usuarias do programa de actividades:

- O acceso ao programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calquera tipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- O sixilo profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Deixar de asistir aos servizo por vontade propia.
- Ser informados, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.

Son **obrigas** dos usuarios e usuarias do programa:

- Cumprir o regulamento e demais disposicións legais vixentes.
- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ao día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando proceda.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do menor ou a saída do usuario das instalacións na que se oferta a actividade.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38º rectal, 37,5º bucal, 37,2º axilar), diarrea, vómitos, ou enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.) Non poderán asistir os/as usuarios que teñan piollos, ata que estes queden eliminados. De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así como de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan o seu fillo/a, se fose o caso, ou abandonen as instalacións, no caso de usuarios/as maiores de idade.

Artigo 5. Estrutura do servizo.

O servizo está dirixido á poboación xeral, a partir dos tres anos de idade cos límites de idade establecidos a continuación para cada especialidade.

As especialidades ofertadas no curso 2024-2025 polas escolas deportivas municipais , son as seguintes:

- Baloncesto, de 3 a 16 anos.
- Baile moderno, de 3 a 16 anos.
- Judo, de 3 a 16 anos.
- Karate, de 3 a 16 anos.
- Tenis de mesa, de 3 a anos en diante.
- Patinaxe artística, de 3 a 16 anos.
- Tenis, de 3 a 16 anos.
- Xadrez, de 3 a anos en diante.
- Pilates, de 3 a anos en diante.
- Pádel, de 3 a anos en diante.

O número mínimo de usuarios para cada actividade será de cinco, sen prexuízo de eliminar a actividade da especialidade se non se chega a ese número mínimo no momento da aprobación da lista definitiva de admitidos.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

As clases desenvolveranse en horario de tarde, coincidindo co calendario escolar anual (setembro a maio). Non se impartirán clases nas vacacións escolares e quedan excluídos tamén os días do calendario laboral marcados como festivos locais, autonómicos e estatais, nos que non se prestarán os servizos. Os horarios serán especificados polos prestadores do servizo baixo a coordinación municipal e poden estar suxeitos a pequenos modificacións para o correcto funcionamento do programa.

As actividades levadas a cabo serán de índole deportiva e fomentarán valores transversais como a confianza, a cooperación; así como o respecto persoal e colectivo promovendo o completo desenvolvemento da crianza.

Artigo 6. Inscripción

Establecerase un prazo de inscrición de 10 días hábiles; todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

As solicitudes de menores de idade deberán ser asinadas pola nai, pai ou titor/a legal do menor e presentaranse o igual que as solicitudes dos/as outros/as usuarios/as no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, continuasen quedando prazas sen cubrir, calquera persoa interesada que cumpra co requisito relativo á idade de participación e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas escolas deportivas sempre que a especialidade ou especialidades nas que a persoa usuaria se queira inscribir acadase un número mínimo de de cinco persoas como mínimo no momento da aprobación da lista definitiva de admitidos.

No caso da inscrición nas escolas deportivas unha vez transcorrido o prazo fixado no primeiro parágrafo deste artigo, a admisión realizarase atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Consideraranse admitidos/as todos/as aqueles/as que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboan as taxas.

Documentación:

A solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- Anexo 1 - Ficha de inscrición
- Anexo 2 - O impreso cuberto da orde de domiciliación de recibos.
- Anexo 3 – Autorización de captación de imaxe e son.
- Anexo 4 – Autorización para usar o número de teléfono.
- Copia do documento de identidade da persoa usuaria.
- Copia do documento de identidade da persoa titular da conta.
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Unha vez rematado o prazo de inscrición, elaboraranse unha lista provisional de admitidos . A tal efecto, empregaranse os criterios de valoración do artigo 8 das presentes bases. Unha vez publicada a mesma, outorgarase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións. Se non se presentase ningunha, a lista provisional de admitidos adquirirá carácter definitivo.

Artigo 7. Prezos públicos.

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos. Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo de forma trimestral. Os cargos efectuaranse fraccionados, ordinariamente nos meses de outubro, xaneiro e abril segundo se establece no artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos.

Prezos públicos con base na **ordenanza**:

| ESCOLAS DEPORTIVAS | |
|---------------------------|--|
| Usuario individual | 60 €/tempada por actividade |
| Usuario individual | No caso de dúas ou máis actividades contarán cunha bonificación, resultando o importe final a abonar por parte do usuario en 90 €/tempada. |
| Familiar | No caso de dous membros da mesma unidade familiar contarán cunha bonificación, resultando o importe final a abonar por parte do usuario en: <ul style="list-style-type: none">• Cunha actividade cada un : 99 €/tempada• Cun dos membros en dúas ou máis actividades: 132 €/tempada No caso de tres ou máis membros da mesma unidade familiar: <ul style="list-style-type: none">• Cunha actividade cada un: 120 €/tempada.• Cun dos membros en dúas ou máis actividades: 150 €/tempada. |

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

Condições para solicitar o servizo

- Prioridade 1: Usuarios maiores de tres anos empadroados no concello da Baña.
- Prioridade 2: Usuarios maiores de tres anos non empadroados no concello da Baña.
- Que a unidade familiar estea ao día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello da Baña, e en xeral, non ter débedas co Concello, a excepción dos casos informados polos Servizos Sociais Municipais como Emerxencia Social.

Todas as inscricións presentadas fóra de prazo ó que se refire o primeiro parágrafo do artigo 6 destas bases producirán a entrada do/a usuario/a na listaxe de agarda correspondente a continuación das presentadas dentro do prazo.

Artigo 9. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo das escolas deportivas municipais.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O departamento de deportes, responsable do programa, encargárase da valoración e o deseño das características da prestación do servizo e serán os/as responsables da súa supervisión. Polo tanto, establecerase unha coordinación periódica entre o departamento de deportes, o persoal municipal e o persoal contratado.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación e que deberán diferenciarse e adaptarse en función do alumnado

- Incentivar no alumnado o descubrimento das súas capacidades creativas e artísticas para que poidan expresarse a través da deporte.
- Fomentar o coñecemento do deporte dende a infancia .
- Organizar actuacións públicas (exhibicións, campionatos...)
- Realizar o seguimento especial a rapazada.
- Planificar e realizar actividades lúdico-educativas.
- Manter o vínculo coas familias e informarlles así como ao Concello das incidencias que se produzan.
- Controlar as asistencias ou ausencias dos usuarios e usuarias así como dar parte deste aspecto de forma periódica ó servizo de deportes para a correcta tramitación dos cargos en conta do prezo público correspondente. Estas comunicacións realizaranse a través da sede electrónica municipal.
- Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos utilizados para a realización de actividades complementarias.
- Facilitarlles aos responsables municipais toda a documentación que sexa requirida para o desenvolvemento dos servizos.
- Realizar as demais funcións que se lle atribúa desde o Concello para o seu correcto funcionamento.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios.

Serán causas de baixa nos servizos:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- A solicitude de baixa por parte do usuario ou da persoa ou persoa responsable do menor.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independencia das infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conduta constituía.
- A falta de pagamento das cotas establecidas na Ordenanza reguladora do prezo público
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo as/os usuarios/as que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.

Artigo 11. Protección de datos.

| | | |
|------------------------------|----|--|
| a) Responsable do tratamento | do | Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal |
| b) Finalidade do tratamento | do | Xestión das instalacións e actividades deportivas desenvolvidas nestas, así como o fomento, promoción do deporte no municipio. |



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

| | |
|-------------------------------------|--|
| c) Lexitimación | Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPDP: consentimento das persoas afectadas. |
| d) Categoría de persoas interesadas | Persoas e entidades que participan nas actividades deportivas ou son usuarias das instalacións deportivas no municipio. |
| e) Categoría de datos | -Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta |
| f) Destinatarios/as | Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades deportivas e que terán a consideración de encargado de tratamento. |
| g) Transferencias Internacionais | Non está previsto realizar transferencias internacionais. |
| h) Prazos de conservación | Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos. |
| i) Medidas de Seguridade | As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS). |

Artigo 12. Disposición final.

Estas bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO 1 – FICHA DE INSCRIPCIÓN CURSO 20 / 20 .

DATOS DO/DA PARTICIPANTE 1

Nome e apelidos:

Data de nacemento

DNI:

Enderezo:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

DATOS DO/DA PARTICIPANTE 2

Nome e apelidos:

Data de nacemento

DNI:

Enderezo:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

DATOS DO PAI, NAI E/OU TITOR/A

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

SOLICITO:

Participar nas seguintes especialidades da Escola Municipal de Música da Baña durante o presente curso (marcar cunha X onde corresponda, ata un máximo de dúas especialidade ademais de solfexo):

- Baloncesto, de 3 a 16 anos.-
- Baile moderno, de 3 a 16 anos.
- Judo, de 3 a 16 anos.
- Karate, de 3 a 16 anos.
- Tenis de mesa, de 3 a anos en diante.
- Patinaxe artística, de 3 a 16 anos.
- Tenis, de 3 a 16 anos.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Xadrez, de 3 a anos en diante.
- Pilates, de 3 a anos en diante.
- Pádel, de 3 a anos en diante.

AUTORIZO:

Ó Concello da Baña para que cobre a taxa correspondente, de maneira trimestral, no número de conta que figura na orde de domiciliación de recibos (Anexo II). No caso de solicitar a baixa, presentarse unha solicitude por rexistro.

AUTORIZACIÓN PARA MENORES

D./D.^a ,
con DNI , en calidade de pai/nai/titor/a, AUTORIZO:

1. Ó/Á neno/a arriba indicado/a a que participe na actividade de Escolas Deportivas Municipais.

DOCUMENTACIÓN ANEXA Á PRESENTE SOLICITUDE:

- Anexo 2 - O impreso cuberto da orde de domiciliación de recibos.
- Anexo 3 – Autorización de captación de imaxe e son.
- Anexo 4 – Autorización para usar o número de teléfono.
- Copia do documento de identidade da persoa usuaria.
- Copia do documento de identidade da persoa titular da conta.
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.

Na Baña, a de de 20 .

Asdo.: .

| | | |
|----------------------------------|----|--|
| a) Responsable tratamento | do | Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal |
| b) Finalidade tratamento | do | Xestión das instalacións e actividades deportivas desenvolvidas nestas, así como o fomento, promoción do deporte no municipio. |
| c) Lexitimación | | Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaçión legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPDP: consentimento das persoas afectadas. |
| d) Categoría persoas interesadas | de | Persoas e entidades que participan nas actividades deportivas ou son usuarias das instalacións deportivas no municipio. |



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

| | |
|----------------------------------|--|
| e) Categoría de datos | -Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta |
| f) Destinatarios/as | Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades deportivas e que terán a consideración de encargado de tratamento. |
| g) Transferencias Internacionais | Non está previsto realizar transferencias internacionais. |
| h) Prazos de conservación | Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos. |
| i) Medidas de Seguridade | As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS). |



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO 2 – ORDE DE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS.

DATOS BANCARIOS DO TITULAR

| | | | | | | | | |
|---|---|----------------------|---|----------------------|---|----------------------|---|----------------------|
| Conta de domiciliación: IBAN (número internacional de conta bancaria) | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | - | <input type="text"/> | - | <input type="text"/> | - | <input type="text"/> | - | <input type="text"/> |
| Oficina | | | | Localidade | | | | |
| <input type="text"/> | | | | <input type="text"/> | | | | |

DATOS PERSOAIS DO/DA TITULAR DA CONTA

| | | | |
|-------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| Nome e apelidos /Razón social | | | DNI / CIF |
| <input type="text"/> | | | <input type="text"/> |
| Enderezo | | | |
| <input type="text"/> | | | |
| Código postal | Municipio | Provincia | Teléfono |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| Correo electrónico | | | |
| <input type="text"/> | | | |

USUARIOS/AS DA UNIDADE FAMILIAR E ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAN

| | |
|----------------------------|----------------------|
| Nome e apelidos usuario 1: | <input type="text"/> |
| Actividades: | <input type="text"/> |
| Nome e apelidos usuario 2: | <input type="text"/> |
| Actividades: | <input type="text"/> |

AUTORIZACIÓN

Autorizo ó Concello da Baña para proceder ao cobro da taxa correspondente, no número de conta arriba indicado. En cumprimento coa normativa legal vixente sobre o tratamento de datos de carácter persoal, autorizo o Concello da Baña a que poida ceder a terceiros os datos de carácter persoal que sexan precisos para o cumprimento da presente orden de domiciliación de recibos.

Na Baña, a de de 20 .

Asdo. A persoa titular da conta bancaria:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

| | | |
|-------------------------------------|----|--|
| a) Responsable tratamento | do | Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal |
| b) Finalidade tratamento | do | Xestión das instalacións e actividades deportivas desenvolvidas nestas, así como o fomento, promoción do deporte no municipio. |
| c) Lexitimación | | Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPDP: consentimento das persoas afectadas. |
| d) Categoría de persoas interesadas | de | Persoas e entidades que participan nas actividades deportivas ou son usuarias das instalacións deportivas no municipio. |
| e) Categoría de datos | | -Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta |
| f) Destinatarios/as | | Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades deportivas e que terán a consideración de encargado de tratamento. |
| g) Transferencias Internacionais | | Non está previsto realizar transferencias internacionais. |
| h) Prazos de conservación | de | Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos. |
| i) Medidas de Seguridade | de | As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS). |



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO 3 - AUTORIZACIÓN DE CAPTACIÓN DE IMAXE E SON PARA REPORTAXES DE PRENSA, RADIO, TELEVISIÓN, PÁXINA WEB, FACEBOOK DO CONCELLO

Dona/Don ,
con DNI , participante e/ou pai, nai ou titor/a do/s menor/es
,
na actividade que de seguido se determina: .

En cumprimento do dereito á propia imaxe recollido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe; o Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección das persoas físicas, mediante o tratamento dos seus datos persoais e a súa libre circulación (RXPd) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD),

AUTORIZA

ó Concello da Baña, con enderezo en Praza do Concello, 2, 15863 A Baña, A Coruña, e NIF P1500700H para que poida facer fotos e gravar imaxes e sons nas actividades que se realizan ó abeiro da convocatoria das Escolas Deportivas Municipais do Concello da Baña no presente curso, nas que apareza a persoa participante, ben individualmente ou estando en grupo.

As imaxes e os sons poderán difundirse a través de medios de comunicación audiovisual ou xornais ou pasar a formar parte do arquivo do Concello da Baña para utilizalas en campañas de promoción.

En todo momento serán respectados os dereitos do/a menor.

AUTORIZO.

NON AUTORIZO.

Na Baña, a de de 20 .

Asdo.:

| | |
|-------------------------------------|--|
| a) Responsable tratamento do | Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal |
| b) Finalidade tratamento do | Xestión das instalacións e actividades deportivas desenvolvidas nestas, así como o fomento, promoción do deporte no municipio. |
| c) Lexitimación | Artigo 6.1.c) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigação legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPd: consentimento das persoas afectadas. |
| d) Categoría de persoas interesadas | Persoas e entidades que participan nas actividades deportivas ou son usuarias das instalacións deportivas no municipio. |



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

| | |
|----------------------------------|--|
| e) Categoría de datos | -Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta |
| f) Destinatarios/as | Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades deportivas e que terán a consideración de encargado de tratamento. |
| g) Transferencias Internacionais | Non está previsto realizar transferencias internacionais. |
| h) Prazos de conservación | Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos. |
| i) Medidas de Seguridade | As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS). |



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO 4 - AUTORIZACIÓN DE USO DE NÚMERO DE TELÉFONO.

Dona/Don ,
con DNI , participante e/ou pai, nai ou titor/a do/s menor/es
,
na actividade que de seguido se determina: .

AUTORIZO ó Concello da Baña a usar o número de teléfono móbil para
formar un grupo de WhatsApp.

Na Baña, a de de 20 .

Asdo.: .

| | | |
|-------------------------------------|----|--|
| a) Responsable do tratamento | do | Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal |
| b) Finalidade do tratamento | do | Xestión das instalacións e actividades deportivas desenvolvidas nestas, así como o fomento, promoción do deporte no municipio. |
| c) Lexitimación | | Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPDP: consentimento das persoas afectadas. |
| d) Categoría de persoas interesadas | de | Persoas e entidades que participan nas actividades deportivas ou son usuarias das instalacións deportivas no municipio. |
| e) Categoría de datos | | -Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta |
| f) Destinatarios/as | | Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades deportivas e que terán a consideración de encargado de tratamento. |
| g) Transferencias Internacionais | | Non está previsto realizar transferencias internacionais. |
| h) Prazos de conservación | de | Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos. |
| i) Medidas de Seguridade | de | As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS). |